



XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA
Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade

Durán Loriga, 3
15003 A CORUÑA
Teléfono: 981155
www.sergas.es

galicia

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REG. XEF. TERR. SANIDADE E SERV. GALEGO DE SAÚDE CORUÑA
A CORUÑA

Data 05/05/2017 12:01:37

Servizo control de riscos ambientais
n/ref: JFD/grs



SAÍDA 12896 / RX 708688



ALCALDE DO CONCELLO DE RIANXO

Asunto: Clasificación sanitaria final das zonas de baño (será vixente para a temporada 2017)

O artigo 13 do Real decreto 1341/2007, de 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño indica que durante a tempada de baño todas as administracións públicas teñen a obriga de informar e difundir ao público interesado de forma activa, rápida e a través de mecanismos de fácil acceso nas inmediacións de cada zona de augas de baño a clasificación sanitaria e calquera prohibición de baño ou recomendación de absterse deste mediante unha sinalización sinxela e clara.

Para facilitarlle esta tarefa na vindeira tempada de baño, achégolle unha táboa coa clasificación sanitaria final na temporada 2016 das zonas de baño localizadas no seu concello.

	150724001	A Torre	Marítima	Boa
Rianxo	150724021	Tanxil	Marítima	Excelente
	150724061	As Cunchas	Marítima	Excelente

Nesta táboa inclúese a clasificación sanitaria calculada segundo o sistema de cálculo da Directiva 2006/7/CE.

Existen modelos de carteis que cumpren a lexislación vixente no seguinte enlace:

<http://www.sergas.es/Saude-publica/Carteis-información-praias> ou a través da seguinte ruta de acceso: www.sergas.es; temas; saúde pública; Sanidade Ambiental; Praias; Carteis de información para as zonas de baño.

O artigo 4.4.b da Directiva 2006/7/CE indica que a avaliación da calidade das augas de baño podería efectuarse sobre a base dunha serie de datos relativos a menos de catro tempadas se se produciron cambios que poidan afectarlle á clasificación sanitaria das



augas de baño. Se no concello se poñen medidas para mellorar a calidade da auga de baño, a clasificación sanitaria podería cambiar na seguinte tempada na que se demostre que estes cambios melloran a calidade da auga de baño.

Pode acceder aos datos microbiolóxicos das zonas de baño da tempada 2016 a través do Sistema de Información Nacional de Augas de baño ou Náyade e na páxina web da Dirección Xeral de Saúde Pública a través da seguinte ruta de acceso: www.sergas.es; temas; saúde pública; Sanidade Ambiental; Praias; Mapa de zonas de baño de Galicia; Descarga de datos).

A Coruña, 03/05/2017

A xefa territorial

Cristina Pérez Fernández

